



Semana Santa
Declarada de
Interese Turístico

DO 12 AO
22 ABRIL
2019



Fisterra *A Fin do Camino
está en Fisterra*

Venres de Dolores

Venres 12
Abril de 2019

Ás 20:00 h Misa solemne cantada polo coro "Nosa Sra. das Areas".

A continuación, **Procesión da nosa Señora das Dolores** acompañada pola **Banda Municipal de Cee**. A imaxe da Virxe das Dolores percorre as rúas da vila, pero avanza soa, arropada polo recollimento dos devotos que a acompañan nunhas das procesións más expresivas da Semana Santa de Fisterra.



Peregrinación

ao Santísimo Cristo de Fisterra
Saída da parada de autobuses de Fisterra ás 16:00 h. Saída da Igrexa de Cee ás 16:30 h.

As 20:00 h, misa solemne na Igrexa Parroquial de Santa María das Areas de Fisterra.

(Para anotarse deben dirixirse ao Concello ou comunicarollo a calquera membro da Xunta de Confraría).

Sábado 13
Abril de 2019



Domingo de Ramos

As 11:15 h, Bendición dos Ramos na Capela do Bo Suceso.

Unha vez bendicidos, **Procesión da Entrada Triunfal de Xesús a Xerusalén** ata a Igrexa de Santa María das Areas acompañada pola Banda de Música Arca-O Pino. Unha vez allí, dará comezo a Santa Misa, cantada polo coro "Nosa Sra. do Carme".



Domingo 14
Abril de 2019

Xoves Santo

Xoves 18
Abril de 2019

Ás 20:00 h, na Igrexa Parroquial, representación da Última Ceia e do tradicional **Lavatorio de pés**.

A continuación, no recinto do adro, **Oración do Horto e Prendemento de Cristo** para terminar coa **Procesión do Paso da Oración do Horto** acompañada pola Banda "Desiderio Paz".



Venres Santo

Venres 19
Abril de 2019

Ás 11:30 h terá o seu inicio na praza de Santa Catalina, o **Vía Crucis** seguido na praza da Constitución do **Santo Encontro**, onde se continuará ata a Igrexa acompañados pola **Banda de Santa Cruz de Rivadulla**.

Ás 20:00 h, liturxia do día e acto do **Desencravo de Xesús na Igrexa de Santa María das Areas** o que culminará o día coa **Procesión do Santo Entierro**, aceptada como unha das más arraigadas na nosa tradición, concitando o maior fervor da Semana Santa fistera e que percorre as rúas da vila ata a madrugada. Estará acompañada polas Banda Arca-O Pino, Banda de Santa Cruz de Rivadulla e Banda Desiderio Paz de Fisterra.



Sábado Santo

Sábado 20
Abril de 2019

Vixilia Pascual ás 21:00 h na Igrexa Parroquial.

Domingo 21
Abril de 2019

Domingo de Resurrección



É o Gran Día na nosa vila. Miles de romellos achéganse a venerar ao "Cristo da Barba Dourada" e a ofrecer os seus exvotos. É un ir e vir de multitudes que esperan a que dean as 12:00 da mediodía para presenciar a representación da **Resurrección do Señor**, como vén facendo desde tempos inmemorables no campo da Igrexa Parroquial.

Escenificación con personaxes viventes do que pode ser un antiguísimo auto sacramental que narra en verso a chegada das desconsoladas mulleres ao sepulcro e do seu encontro co anxo que lles anuncia a Resurrección do Señor, en forma de proclama ao mundo enteiro co tradicional ALELUIA!

ENCONTRO DA NAI CO SEU FILLO RESUCITADO.

O xúbilo desencadérase, comeza o repicar das campás, as tracas de fogos de artificio, solta de pombas, as bandeiras izanse e a música das bandas que culmina coa Danza da nosa Señora das Areas, tamén coñecida como Danza dos Paus en honra á Virxe e que algúns estudiosos datan do século XII.




Acompañarán os actos a **Banda Municipal de Cee**.

Misas ás 8:00 h, 9:00 h e 10:00 h.

Luns 22
Abril de 2019

Luns de Pascua

Ás 12:00 h, Misa solemne polos devotos do Santo Cristo, cantada polo coro "Nosa Sra. das Areas".



CONCELLO
DE FISTERRA



//ABANCA

